

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O CONCELLO DE LUGO PARA A CESIÓN DUN APARCADOIRO DISUASORIO EXECUTADO NO TERMO MUNICIPAL DE LUGO, NA CONTORNA DA AVENIDA DE BREOGÁN, FINANCIADO POLO “PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA - FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NextGenerationEU”.

REUNIDOS

En Lugo, 4 de marzo de 2026.

Dunha parte, don Diego Calvo Pouso, na súa condición de conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, en virtude do Decreto 44/2024 do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, don Miguel Fernández Méndez, na súa condición de alcalde do Concello de Lugo, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe a letra b) do apartado 1 do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal, suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto

EXPOÑEN

Primeiro. A Comunidade Autónoma de Galicia ten, entre as súas competencias exclusivas, as obras públicas que non teñas a cualificación legal de interese xeral do Estado ou cuxa execución ou explotación non afecte a outra Comunidade Autónoma ou provincia, así como a do transporte por estrada non incorporado á rede do Estado e cuxo itinerario se desenvolva integramente no territorio da Comunidade Autónoma, ao abeiro dos apartados sete e oito do artigo 27 do Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado pola Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril. Pola súa parte, á Consellería




de Presidencia, Xustiza e Deportes lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia, entre outros aspectos, de mobilidade, ao abeiro do artigo 1 do Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

Segundo. O Concello de Lugo exerce como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, as de tráfico, estacionamento e mobilidade, ao abeiro da letra g) do apartado 2 do artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Terceiro. A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia desenvolveu unha estratexia de mobilidade sustentable, que ten, como un dos seus obxectivos, o fomento dos desprazamentos non motorizados nos ámbitos urbanos e metropolitanos. Neste sentido, propónse a habilitación de aparcadoiros disuasorios na contorna metropolitana das principais cidades de Galicia, e desta forma contribuír á implantación nelas de zonas de baixas emisións, tal e como o esixe a Lei 7/2021, de 7 de maio, de Cambio Climático e Transición Enerxética. A Estratexia Galega de Mobilidade foi aprobada por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do día 6 de maio de 2024.

Cuarto. A estratexia de mobilidade sustentable da Xunta de Galicia inclúe liñas de acción que se atopan, ademais, entre as que pretende financiar a Comisión Europea, a través do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, e, en desenvolvemento deste, o Goberno de España, a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Neste contexto, a Xunta de Galicia inclúe como liñas obxectivo no seu Plan de Investimentos, intervencións destinadas a implantar e mellorar os sistemas de transporte que respondan ás necesidades sociais e económicas da sociedade, ao mesmo tempo que reduzan ao mínimo as repercusións negativas sobre a economía, a sociedade e o medio, e cuxo obxectivo estratéxico sexa fomentar o modelo de mobilidade sustentable que faga compatible a satisfacción das demandas de mobilidade da poboación coa preservación do medio ambiente e a loita contra o cambio climático.

Quinto. A cidade de Lugo ten unha configuración urbana que facilita a implantación de políticas de mobilidade sostible para satisfacer as necesidades de mobilidade da súa cidadanía, con desprazamentos relativamente curtos en modos de transporte de mobilidade activa ou de





transporte público. Porén, necesita a habilitación de diferentes espazos que poidan actuar a modo de aparcadoiros disuasorios, para facer efectivo o transvase modal entre o vehículo automóbil privado e eses modos de mobilidade sostible.

Sexto. A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a o abeiro da sección 1ª do Capítulo IV do Título II da Lei 18/2021, do 27 de decembro, de Medidas Fiscais e Administrativas, elaborou, aprobou, licitou e está a executar un proxecto para a implantación dun aparcadoiro disuasorio no termo municipal de Lugo, situado no entorno da Avenida de Breogán, cunha capacidade de 148 prazas.

Sétimo. O concello de Lugo considera que a execución do aparcadoiro disuasorio previsto suporá unha mellora da ordenación do espazo público do termo municipal que reverterá nunha mellor calidade de vida para o conxunto da cidadanía, permitindo un adecuado transvase modal entre o vehículo automóbil privado e os modos de transporte de mobilidade activa ou de transporte público, contribuíndo dese xeito á implantación dunha cultura da mobilidade sostible na cidade.

Os convenios entre administracións públicas constitúen o elemento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases da colaboración técnica e económica entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Lugo que permitan a mellor

explotación das obras executadas ao abeiro do proxecto para a habilitación dun aparcadoiro disuasorio no termo municipal de Lugo, situado no entorno da Avenida de Breogán, que está a ser promovido pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, e que está a ser financiada con fondos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea, a través do “Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – NextGenerationEu” xestionado polo Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible.

As obras executadas para a habilitación dun aparcadoiro disuasorio no termo municipal de Lugo están recollidas no plano que figura como anexo nº1 a este convenio.

SEGUNDA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE LUGO


O Concello de Lugo comprométese a asumir, unha vez realizadas as obras, e logo da comunicación da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a titularidade do aparcadoiro disuasorio executado por esta no termo municipal de Lugo, no entorno da Avenida de Breogán, e, polo tanto, a explotación, mantemento, conservación e demais dereitos e obrigas inherentes á súa condición de titular.

A continuación, o cambio de titularidade tramitarase ao abeiro da Sección 3ª do Capítulo V do Título I da Lei 6/2023, do 2 de novembro, do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

No caso de que o aparcadoiro deixe de destinarse a tal fin, procederá a devolución do mesmo ao patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, consonte ao establecido na Lei 6/2023, do 2 de novembro.

TERCEIRA. COMPROMISOS DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

A Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, asume o compromiso de comunicarlle ao Concello de Lugo a finalización e recepción das obras. A data desta comunicación é a que determina o nacemento da obriga asumida polo Concello de Lugo na cláusula precedente, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obra.





A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, asume o compromiso de conservar a documentación xustificativa da aplicación dos fondos recibidos, de conformidade co disposto no artigo 22.2 f) do Regulamento UE 2021/241 do PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO de 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, durante un período de 5 anos a partir do pagamento do saldo ou, a falta deste pagamento, da operación.

CUARTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase unha comisión de seguimento formada por un representante da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e un representante do Concello de Lugo para interpretar as dúbidas que poidan xurdir na aplicación das cláusulas do convenio.

A comisión poderase reunir as veces que se estime oportunas para o cumprimento do convenio. En todo caso, a solución das incidencias que poidan xurdir estará condicionada polas limitacións orzamentarias incluídas na cláusula primeira.

QUINTA. NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polas súas cláusulas e, supletoriamente, polos principios da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SEXTA. MODIFICACIÓNS DO CONVENIO

As modificacións do convenio formalizaranse mediante *addenda* cos mesmos requisitos e condicións para a aprobación do convenio.

SÉTIMA. RESOLUCIÓN

Serán causas de extinción deste convenio:

- O non cumprimento do seu obxecto.
- A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.
- O incumprimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas nel.



- Denuncia por causas de interese público, a instancia de calquera das partes.

Cada unha das situacións descritas por si soa é causa suficiente de rescisión do convenio.

OITAVA. PUBLICIDADE

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Dado que os fondos que financian as infraestruturas que son obxecto deste convenio proceden do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, toda referencia realizada á actuación obxecto do presente acordo en publicacións, actividades de difusión, páxinas web e, en xeral, en calquera medio de difusión debe cumprir cos requisitos que figuren no Manual de Imaxe do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia que, no seu caso, se aprobe, ou no manual que, a tal efecto, sexa aprobado polo Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible. En todo caso, estarase á obriga establecida polo artigo 34.2 do Regulamento (UE) 2021/2041: *Os perceptores de fondos da Unión farán mención da orixe deste financiamento e velarán por darlle visibilidade, incluído, cando proceda, mediante o emblema da Unión e unha declaración de financiamento adecuada que indique “financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU”, en particular cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público.*

Sen prexuízo do anterior, deberá figurar en todo caso a referencia ao financiamento da actuación con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e á súa xestión polo Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible e pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

NOVENA. CONSERVACIÓN DA DOCUMENTACIÓN

A sinatura deste convenio suporá a obriga expresa das partes asinantes de conservar a documentación xustificativa da aplicación dos fondos recibidos, de conformidade co disposto no

artigo 22.2 f) do Regulamento UE 2021/241 do PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO de 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, durante un período de 5 anos a partir do pagamento do saldo ou, a falta deste pagamento, da operación.

DÉCIMA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio terá efecto dende a súa sinatura e a súa vixencia manterase ata que se asine o documento administrativo a que se refire o artigo 37 da Lei 6/2023, de 2 de novembro, do patrimonio da comunidade autónoma de Galicia, a través do que se formalice o cambio de titularidade a favor do concello, e en todo caso ata o 31 de decembro de 2027.


Así o outorgan, subscribindo o presente convenio.

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e
Deportes



Diego Calvo Pouso

O alcalde do Concello de Lugo



Miguel Fernández Méndez



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES



Concello de Lugo



Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU

ANEXO Nº1

